



BOLETIN DESENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal

1917

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Fora, » 50 »

Coste d'un número 10 »

América 2 pts. trimestre

Número 20

Redaición

e ademáis de administración:

CANTÓN GRANDE, 16

BAIXO

A CRUÑA

30 DE MAYO

VERBES D'UN APÓSTOL

DO EVANXELIO NACIONALISTA

por FRANCISCO CAMBÓ

Vosoutros, coma nosoutros, temos de ser sinceiros, porque nas nosas arelas non hai nada que poida ofendere a ninguén. O pobo que reclama a sua libertade a ninguén ofende. A libertade dos pobos non vai contra de ninguén. Soyo poden ofendérense por iso os tirans ou os criados dos tiráns.

N'estes momentos todolos pobos d'Europa e ainda d'outras bandas do mundo, dan a sua vida por afincar sua persoalidade. E chámases patriotas. Si un día unha potencia europea asolase as terras d'España e fixera eiquí sua dominación, eu penso que as únicas protestas fortes serían as nosas e as dos bascos, contra todalas imposiciós e contra de todalas tiranías.

Na intensificación dos movementos nacionalistas influen as repercuíos do conflito internacional. En nos, bascos e catalás, influen en dobre senso: no de que sentímonos invadidos por iste ambiente de sinceiridade que axita as almas en loita e a ves polo espetáculo que nos dan todalas nacíos que non teñen reconecida sua persoalidade e agora reclamanna.

Fixaivos no caso d'Irlanda, tan unida a Inglaterra no istante do conflito. Sin dúbida reclama agora con mais afanía o reconoci-

mento da sua persoalidade. Vede o que socede na Rusia que non era unha nación senón un poder formidable e autócrata e agora n'ela as nacionalidás vivas tamén reclaman sua persoalidade.

Non sei que grupo de nacións belixerantes será o que trunfe; pro sei que sairá trunfante o principio das nacionalidás.

A guerra actual prantea iste principio. Os dous grupos que loitan, discuten cal d'eles ha sere o que repersente a libertade dos pobos. Rusia e Alemania sóbor si unha ou outra han facer a Polonia. Os Imperios Centraes amóstrannos o exemplo das suas diversas nacionalidás, e Francia e Inglaterra din que loitan pola libertade dos pobos balkánicos. O principio das nacionalidás deita, brota, por todo, e quere dicírese que sería un sagrilegio negar a libertade dos pobos. Eisí reconécenno os países mais unitarios.

¿E poderemos ser nos a excepción? Con sintiremos que no momento no que se ven solucionando o problema de todalas nacíos d'Europa, o noso fique sin resolvérese? Non poderemos consentilo; sería unha traición á historia, á raza, ó noso sentir, ó dereito ineluctable do traballar por conseguir o desenvolvemento da propia persoalidade.

N'estes momentos, coma catalás e bascos, todo galego que teña concencia de seu, ha sere nacionalista.

Os problemas nacionalistas non teñen ningunha somellanza c'os problemas políticos. Un problema nacionalista soyó *per accidens* é político. Diante dos problemas políticos collen opiniós, tendencias, axustes. Diante do problema nacionalista falan somente os sentimentos. O nacionalismo non se discute.

Diante dos problemas políticos colle a transacción e collen as modificaciós; pro diante do problema nacionalista, non. Porque o nacionalismo non é unha doutrina, nin unha visión persoal; é un feito, unha realidade, e coas realidades non se pode facer senón acetállas coma cousa santa ou considerállas coma pecado e combatíllas. Sómente esnaquizaríanse cando finara seu espírito, o feito, a esencia da sua existencia. D'outra maneira, non. Pro o que non pode sere é a astención, o tapalos ollos diante da nacionalidá.

Toda sustancia nacionalista está na realidade colectiva.

Un feito nacional pode durante anos non provocare un movemento nacionalista, porque esqueceron os cidadáns sua conciencia; mas no istante que se produza aquela cons-

cencia, fica pranteado o preito nacionalista, Pra que non se produxese fora perciso que todolos cidadáns s'axuntasen pra un suicidio colectivo.

De cantas obras fixo Deus, ningunha tan formosa com'a das nacionalidáis. A nacionalidá non é unha obra de capricho, de perrucha; é a obra da natureza pola raza, pola língua. Por iso a nacionalidá non s'esnaiza dende dentro nin de fora. Non hai invasión que poida co'ela. Vede que socede nos Balkás: por aló pasaron séculos e séculos; pobos e pobos; más a nacionalidá rexurde aló a cada instante.

O home abstrato non eisiste; non eisisten os valores universaes. Si se produxesen viría a morte da humanidade.

O orixe de todalas concepcións do mundo está na ideia da nacionalidá. No curso da Hestoria van alternando as nacionalidáis c'o seu espírito que informa á humanidade, e si fallara iste espírito, os pobos dormirían ou finaríanse.

A nacionalidá de Cataluña, com'a de Basconha e a de Galicia, non compretou ainda seu destino. Os movementos nacionalistas caracterizan pola fecundidá: fecundan tanto atopan, engrandecendo ó país.

No nome d'un partido non cantan os poetas, nin s'inspiran os artistas, nin s'intensifica o pensamento da humanidade, nin xurden as concepcións filosóficas, nin aumentan os grandes da virtude d'un pobo, nin a cultura; en troques ó contacto do movemento nacionalista os pobos transformanse. Pobos decadentes que están preto do abismo trócanse pola ideial en pobos d'espansión.

Cando aparece n'un pobo o movemento nacionalista, frolegen as artes e xurden concepcións que non deveñen soyo individuás, porque son tradicións de espírito, da raza; intensificase a agricultura, e o campo e o espírito camiñan parellamente coma si quixeran atopar unha alma mais enxebre, mais pura.

Yé que o egoísmo é un gran puleador dos autos humanos, pro non d'abondo. O benestar material non abonda pra xenerar unha riqueza inmaterial. A y-alma humana ten un latexo de seu. O home desexa que perdure sua persoalidade, que s'alongue mais que a sua propia vida, que s'eternice na Hestoria. Por iso os dous grandes sentimento que fomentan os latexos espirituais da humanidade, son o sentimento relixioso y-o patriotismo rexional.

N'un pobo os individuos que sinten perder integramente unha nacionalidá viva que ainda non compretou seus destinos, que ainda non chegou ó grado de grandeza que a sua actuación acuciaba, teñen un dobre estímolo. Xunto á grandeza do espírito

persoal, saben que ó esquirbire os poetas alongan sua patria e aumentan o patrimonio do pobo, e ó dobrar a producción d'un campo engrandecen a terra mesma, pois eis ó calor da terra nacional, todolos pobos sentiranse ennobrecidos; xa que entón os homes obligados a traballar saben que traballan pra quen ha vivir mais que iles.

Cataluña cando perdeu o sentimento da sua nacionalidá non tiña pensadores, nin poetas, nin xuristas, nin casi comerciantes e industriaes; ó rexurdir aquel sentimento, todalas manifestacións do pensamento humano frolegueron antr'os catalás.

Cando Sabino Arana quixo espertare a y-alma do seu pobo, non se poeocupou da vida política; pensou que tiñase no primeiro termo que espertare no mais vivo a expresión da y-alma basca...

En Cataluña non son homes de negocios quenes dirixen o movemento nacionalista, non son tampouco comerciantes e industriaes, somolos homes d'especulación os que estimolamos a aquiles, e moitas veces sin que nolos agradezan. Pro non importa; porque comerciantes e industriaes son depositarios transitorios da riqueza d'un pobo.

O idioma é cuestión esencial de vida. Por iso os nacionalistas teñen de concentrar con mais afanía tod'a sua aitividá na conservación, estensión e perfeicioamento do seu propio idioma. Un idioma non é somente un instrumento vulgar pra facerse entendere; o idioma é a expresión da y-alma colectiva d'un pobo. Un pobo que non s'expresa no seu idioma, é un pobo que vai morrer; un pobo que esquece seu idioma perde sua sensibilidá espiritual c'o emprego d'outros pra expresare suas ideas e sentimentos que somente atopan dodo refexo no linguaxe natural.

Perdérase en Cataluña nas cidades; refúxiase no campo; e hoxe trunfa nas cidades e nos campos.

Non deixedes morrel-o voso idioma. Si morrera seriades homes, mais non cidadáns. Vosa terra sería un territorio, mais non un pobo, porque non defendendo a libertade c'o linguaxe da y-alma, non defenderíades a primeira libertade.

A modestia é cousa louvabre nos individuos; nos pobos é pecado mortal. Non podemos ser modestos coma colectividá. Tened que coidare sempre, adoitádobos a ilo, que a vosa raza é a primeira do mundo.

O nacionalismo prantea un problema completo de goberno. Si hai concuencia nacionalista hai cobiza de rexirse a si mesmo e os seus destinos; hai o empeño do

propio Goberno; o contrario sería pensar que no mundo eisisten duas castas ou pobos: os que mandan e os que obedecen; os pobos escravos e os tiráns; e non é creibel que un pobo queira donárese a si mesmo o papel d'escravo.

O problema nacionalista non é un problema de bó Goberno, senón un problema de Goberno propio. Os nacionalistas deseñamos gobernárenos a nos mesmos.

Nin a catalás, nin a bascos nin a gallegos se nos goberna co'as nosas leises, co'a nosa língua, com'os outros pobos. E isto ¿non loita co sere da nosa raza?

Queremos a libertade que soygo ofende á tiranía.

Na estepa española hai hoxe dous oasis somente: Cataluña e Euskadi. Axiña haberá outro: Galicia, si Galicia ten istinto de conservación e espírito de perfección.

O rexionalismo andaluz

EN Andalucía, a rexión tan caluniada, hai un Centro Andaluz rexionalista, que ten asento en Sevilla. Este Centro publica unha notable revista mensual, orga da mais outa intelectualidade d'aquela formosa terra.

Noméase dita revista Andalucía. O deurado número que chegou ás nosas mans contén traballos maxistraes. En todos latexa o sentimento rexionalista, forte e fondo.

Andalucía rifa c'os toureiros, trona contra do flamenguismo. E ten gabanza quentes para os rexionalistas catalás, bascos e galegos.

Copia tamén un artigo de Xaime Quintanilla que publicou A NOSA TERRA, falando das nacionalidáis, traducido ó castelán. Coidao axeitado ás arelas andaluzas.

¿Que quer dicir isto? Que o noso ideial e un ideial vivo, un ideial redentor que axiña terá d'imponerse, si España non deseja morrer vítima do reuma espiritual que ten tolleitas e entangarañadas suas extremidades periféricas, seus verdadeiros orgos de relación.

Até Andalucía aborrece xa de maneira fonda o bárbaro réximen unitario imposto por Castela!

A nova intelectualidá andaluza sementa sin trégolas o que ela chama rexionalismo trascendente, doéndose de non ter un idioma propio.

¿Oídelo galegos desleigados e imbeciles?... As rexións vivas d'España, tenden a sua man ás Irmandades da Fala.

¿Suirán chamándonos ridiculos os compatriotas eunucos?

Nos, señor Rivas Moreno, que non entendemos de patria chica nin grande, senón de patria; nos que coidamos que o separatismo soygo eisiste en Madrid, queremos para a rexións de España, d'acordo con Cambó, «tanta autonomía como a do Estado alemán que teña menos.»

¿Está craro?

CRITICA MIUDA

por ANTÓN VALCÁRCEL

VILLAR PONTE

NON quero, lectore amigo, dáreche noxo crêndo que xamáis oiches pronuncial-los apellidos que son teima de estas liñas, e que vives desabido de quen os tén facéndoos lumiosos co brilo da fama. Tí, lectore, si es galego, debes non esquenceres o nome do ilustre fundadore das «Irmandás da Fala», agrupacións que son pra que os espíritos, xuntándose no amore a Galicia, tramen a força da persoalidade galega; e si algún día chegas a abrangueres da masa castelanizante unha proba de respeto pra o galeguismo que en tí é filiación groriosa, lémbrete de que esa respetuosa sinal de que é reconocido o teu dereito a teres a tua patria onde atopa seu alimento espiritoal teu corazón, representa o medrado froito da semenza que a man de un apóstol de Galicia botou no terréo das almas, sin outro medo que aquél que a sua mesma acuia de segmentadore lle fixo sentire, ó se decatare de que asoprába o vento nado n-aquelhas despeadoras turmas que, pol-as malas herbas que crean e alimentan, deshonraron o por diferentes razóns ennoblecido ollar das meninas endereitadas cara a outura.

Villar Ponte ten-os seus ollos pra un eiscelso ollar. E un dos homes que ennoblecen as olladas cara arriba, porque, ademais de que sabe buscarse no outo, somente a lus do purificado, ten o bento poder de trocal-los seus ollos en muxicas da larada de noble xenerira que leva no seu peito, para as outras criadoras de maleza.

Esprito personalizado co cultivo de sí mesmo, Villar Ponte ama o que non odia, porque odia o que non ama. No é un craro-obscuru o esprito de este gran galego. E unha incandescencia de ideias ben definidas, de sentimentos perfectamente enxendrados. Villar Ponte non maridou o esprito co corazón, deixa confundire n-un soio os dous grandes departamentos da ánima; non. Pensa, e as suas ideias son cerebraes; sinte, e cordialidade son-los seus sentimentos. Non ten nin un síntoma de habere irmanado as suas céculas nervosas co-as do seu epitelio, en accesos de sensiblería, nin o seu corazón está afeto a vivire da man do pensamento trocado en lazarillo dos afectos na apricación ó estudio dos demás. Villar Ponte é un cerebro san e un corazón valente.

Mozo, más outo que baixo, enxoito de carnes, nou ergueito, pro sin aspecto de humillado, o seu corpo ten que sere nece-

sariamente unha curva cortada por unha secante, a que se non dirá que sexa outra cousa que o esprito rectilíneo que dentro da carne de Villar Ponte ten morada. E coroando este corpo, un rostro austero de boca parca e lumiosos ollos, frorece nunha frente, sempre enroxecida polo fogo nela resguardado, que linda indecidamente, onde é o seu natural término, co-un abundoso cabelo, lacio por de más, tal ves porque a Natureza, atareada en arranxare o interior, non houbo tempo de amostral-a sua maña no revestimento mais eisterno do cráneo de este home nádo pra pensar.

Periodista cultísimo, director que foi de un moi principal xornal da Habana, redactor hoxe de un dos más nomeados diarios de Galicia, onde escribe con inimitable estilo i-envidiable maestría *Con letra del siete*, sempre escritor galano e nunca agotado na sua vastísima condición, Villar Ponte vive pras ideias, sendo tan puro no manexo da pruma, que xamáis podera alguén ousare decir que ideia pra vida... Si Villar Ponte tivera lecer pra deixare fluir en libros a rica vea do seu intelecto!

Si alguén quixer medil-a sabidencia do maestro de galegos, leia «Nuestra afirmación regional»; e si analizare se pretendere o labor do propagandista incansabre, folleñense as páxinas de A NOSA TERRA.

Tal é o home, galego de alma e de corazón, de quen, pensando no centralismo que fixo de Galicia unha das más ilustres brengonas dos pratos qua os convidados ó banquete gubernamental luxan, pódese decir, con grande propiedade, algo semellante ó eispresado n-esta frase de Lucio Floro:

«Este será aquel Scipión que medra pra esbalancare á Cartago.»

(Traducido de *La Región*, xornal orensano.)

O NOSO VOTO

RAMÓN CABANILLAS, TEN DE SERE ACADÉMICO

NA Academia Gallega, deixou unha cadeira valeira a morte de Pondal.

¿Quen pode sustituire ó Bardo?

Somente un home cheo de lus ven á nosa pruma: o de Ramón Cabanillas. ¿Hai outro capaz d'oponérselle?

O xenial autor de Vento Mareiro ten que ser o sustituto do xenialísimo autor de Queixumes dos Pinos.

Ramón Cabanillas ten que sere nomeado académico, e tén de facerse a sua recepción solene na Cruña, de maneira que día pé pra organizar unha festa galeguista.

Tal é unha opinión mui xeneralizada en Galicia e nas colonias de Galicia n-as Américas de que nos facemos eco, inda sabendo que o gran poeta cambadés non sinte a vanidade e doerase d'istas liñas.

A cantiga da lembranza

Pol-a fonda congostra, que'arrecende a lourei-

(ros,

Tristes van camiñando tres vellos peregrinos,
Cando xa da laberca non se escoitan os trinos,

(ros,

Y-o bon sol xa non doura cos seus lampos triste-

(ros,

Os cumes froleados dos erguidos outeiros.

Do crepuscolo maino ás luces qu'esmorecen
Camiñan pr'os seus lares en terras moi lonxanas,
Atravesando cerras, touzales e montanas.
Buscan-a paz da vida porqu'as y-almas debecen,
Van camiño do Esquezo onde os dores se esquecen.

Por penascales irtos o río funga e bruna,
Por irtos penascales rompendo vai a lúa,
Y-unha mocía enxerga n-un canto a dita sua...

PELEGRINO PRIMEIRO

Non cantes, nenña,
Non cantes, pequena,
O teu canto nena,
E morte pra min.
Cala, cala axiña,
¡Non déis mais ó vento
O triste conceuto
De canto eu sofrín!

PELEGRINO SEGUNDO

Canta, canta, moza,
Enxuga o meu pranto.
¡Eu sofrinché tanto
Dendes que nacín!
¡Cóm'a y-alma goza
Ó escoitarde, nena!
¡Cóm'a fuxe a pena
Do que padecín!

PELEGRINO TERCEIRO

¡Qué cantiga estrana
A tua, mocía!
¡O qu'a y-alma miña
Sentirle ela fai!
¡Que ledicia ufana
Ti n-ela m'ofreces!
E logo outras veces
¡Qué augurias me trai!

D'ista maneira cantaban
Oubindo a nena cantar,
Os vellos, qu'eisí lembraban
Tristuras do seu penar.
Y-eran cantos d'esperanza
Perdidos na lonxedad,
Y-eran cantos de suideade,
De delore e de lembranza
N-unha noite de luar...

—¿Non cantas?—dixerón ó verme pasar
Calado e tristeiro. Mais eu respondín:
—Pra qué, si cantades vosotros por min!

VICTORIANO TAIBO.
Compostela.

A FROL DA Y-AUGA

(CONTOS)

por ANTÓN VILLAR PONTE

NON lonxe do pazo, vetusto e señorío, cercado de vizoso xardin, onde residen polos vran a señora marquesa e mail-a sua filla Carmela, coase agachado ante duas ribadas que s'abren e estenden en suave declive, alcatifado por herbas musgos e feitos, formando poético curruncho apacibre que festonean loureiros, silveiras e cabrifollas, brota un manancial d'água pura que, a través de toscas gárgolas, salpicada de línquenes amarelados, precipita o seu chorro de prata en amplio tazón de pedra, cheo de limos verdosos. Ali van con cántaras e ferradas as mozas do lugar; ali abrevan as vacas d'amplias ubres e de ollos malencónicos ó regreso do pastoreo polos prados vecinos, e ali matan tamén a sede os viandantes que s'en-camíñan á vila.

Ideial coma unha ninfa, toda vestida de branco e cō peito ornado de froles, Carmela chegou a fonte gallardeando a sua esbeltez con áxiles brincos de pomba, por entre as pedras húmedas e as espadafias altivas. No seu rosto, d'epidermis suave coma un péxego, frolescen as rosas da xuventude; brillan os seus ollos grandes, inxenuos, ridores, con leda travesura infantil, baixo a ponte adorabre dos sobróllos, e os seus labres, docemente antrabertos, coma frol de dazoito abrils, somellan os enredos d'unha branca volvoretá coas cereixas maduras. Recolle coas suas mans finas, prodixio de carne aristocrática, a transparente abada, amosando o milagre d'uns pés breves e d'unhas pernas torneadas, ó mesmo tempo que incrina lixeiramente o busto. O sol da mañá pon nos seus cabelos, mousos e ondulantes, arrumbados con xeito sobre as sens, bicos ambarinos que alumean, volveteando, a sua nuca d'ala-bastro e a sua gorxa tentadora.

Na soledade campesina debulla a fonte as eternas risadas do seu chorro, feitas círculos de lu e burbuxas de cristal. O severo verdor dos loureiros proyeita unha sôma tenue e recedente sobre o céspede.

Carmela recreouse un instante na inocente contemplación do seu rosto, que trema con fulgidos refrelos na aceitosa superficie do tazón. Uns rapaces esfarrapados, güedelludos, de grande e redonda cabeza e de sucia faz, descalzos de pé e perna, que no veciño cómaro apacentan duas cabras a sôma d'un valado coberto d'herdas, chéganse a ela brincando travesamente. Carmela aloumíñao docemente e failles mil perguntas. Logo, recollendo a abada ante as pernas e facendo unha cunca ideial coas suas mans, toma a linfa do chorro cristaño, que lle salpica cō cocheante frescor das suas pingotas as meixelas, a gorxa e os brazos virxinás pra apurala axiña ante senoras gallardas, entornando os ollos con volutuosa langüidez. Os rapaces ríen tamén e palmoteian, pretendendo imitala. De súpito, no acougo da mañá, chea de prestixio xeórxico, dende da copa d'un loureiro que ergue fachendoso as suas ponlas hacia o infinito azul, canta un melro facendo rimalos seus trinos coas risadas da fonte.

O barullo de rezos pasos, Carmela volve a cabeza.

Polas outuras do ribazo, saíndo do camiño real, carabina en man, abanza un cazador. O melro cala sin deixar nóstante a copa do loureiro.

A bela nena vírase pálida e desacougada ante o pasmo dos rapaces, que s'ollan de xeito inxenuo. ¡E o mozo que mora no mesón e que veu á aldea pra restaurar a sua saúde, quebrantada polos vicios!

— ¡Paulos! — berra nervosa — non sexa cruel; non mate o probe melro...

O cazador adiantase risoño e altivo.

— Pode vosté seguir nos enredos coa y-auga, Carmela; mail-a libertá d'ese paxáro haina que mercar.

— ¡Mércala! ¿cómo?

— Dándome de beber na ánfora divina en que hai prouco bebia.

Ela sonriu docemente, facendo gracioso moñín cōs labres, na mentres nas suas meixelas, tersas coma a pel d'un péxego, marcábanse dous hoyuelos tentadores, e baixo a sôma das pestanas brillaba unha lus malina.

Paulos ollába insinuante, recreándose na sua turbación e seguindo con volutuositade o rítmico movimiento dos seos, que dentro do xubonciño contorneaban a sua morbidez coma pombas temerosas. De súpito erguendo a carabina e apoíandoa no hombro, fixo resolto ademán d'apuntar cara á copa do laureiro.

— ¡Disparo?

— Non, non... agarde, agarde un pouco...

A bela nena, más bela que nunca, chea de dúbidas e trunfando das dúbidas, toda acesa inmolou en aras da libertá d'un paxariño os seus inxentos rubores. Xuntando as mans que tremían, chegouse ó manancial cuio chorro cristaño, ó ser cortado súpetamente desfixose en mil fios e burbuxas de prata Brilou a linfa transparente, diáfana, na cunca de carne do matis das puras areas marinas, onde un instante refrexáronse os seus ollos e boca. E Paulos, sorrindo sempre, bicando aquelas augas cōs seus beizos e apurándoas feliz, fixo unha comunión buólica, dina de ser louvada nos eternos ritmos do madrigal.

Cantou o melro novamente coma nación de gracias, enredando e desenredando sen tréglola o novelo cristaño dos seus trinos en tolo trasporte de ledicia. Paulos oferceu unhas moedas a os rapaces que, alborozados e retos, contemplaban aquela escena d'égloga.

— Tomade e facédeme axiña unha coroa d'herdas, ¿queredes?

— Si señor, si — respondeu o maior con humildade de servo, pillando a dádiva nas suas mans, entrantemente o outro perguntaba pasmado, coa y-alma nos ollos:

— Ha ser grande...

— Coma para a miña cabeza.

Os zagalíños, travesos e áxiles, acugulados de contentamento, brincando coma pardás, encomenzaron a arringar herdas do valado.

Paulos e Carmela quedaron soílos. Ela suspirou timidamente, baixando os ollos ó chan, chea de bondade.

— ¡Ai! Por salval-o melro cometin un pecado mortal.

— ¡Non sabes que dar de beber ao sedento é obra de misericordia? ¡Fúchedes a miña Samartiana!

* *

Pol-o camiño real adiantábase saloucando unha carreta. O sol brillaba no intenso azul da mañá, poñendo risas d'ámbar nas follas das árbores e franxes d'ouro coma veredas de lus, na herba vízosa das ribadas. Triscaban as herdas dos valados as lixeiras cabras de brancos vellós.

Deitada enriba do feno da carreta, que arrastraba unha parella de bois marelos, cansos, de ollos malencónicos e que pasou preto da fonte, guiada por mouro gañán de rezos músculos, iba unha moza forte, roxa, de amplos cadris e outos seos, altaiva e trunfal coma

deusa mitolóxica, tarareando ledo estribillo de cántiga de montaña.

Os rapaces volvían, entrantemente, amostrando xubilosos a rústica coroa, que Paulos apresrouse a recoller.

Carmela despregou os labres ledos e ridores: — ¡Pra qué a quere?

— ¡Pra cinguir co'ela a tua cabeza e procamarte reina da fonte onde bebin o amor, comulgando cōs teus ollos e coa tua boca!

As mans do mozo rozaron coas hedras tecidas polos dedos inocentes dos rapaces, as sens e os cabelos da nena, qu'incrínou o seu busto, silenziosa, amostrando o branco nacemento d'unha espalda virxinal, pra se vere logo, ante risas, coroada emperatriz d'un corazón no espello da fonte.

Despois, Paulos puxose eaviloso. Os seus labres abríronse malencónicos, con rictus d'ace-dume.

— Adeus, miña doce Samartiana! Pouco me resta de t'admirare.

— ¡Logo vaise vosté da aldea?

— ¡Hoxe! ¡Hoxe mesmo!

O mozo, vencida a inercia, qu'era forte rai-game de paixón, afastouse pasenfiamente, volvendo a cabeza a cada paso. Carmela, salayante, regaloulle unha ollada longa, aloumíñadora, profunda, entornando as suaves palpebras.

O melro cantou novamente coma místico páxaro de lenda. Os rapaces, mudos, contemplaban a nena, que no acougo da mañá, cōs ollos húmedos e o peito palpante, estrozaba a coroa d'herdas ante os seus dedos de neve, someillante a esas santas vírxes que van camiño do martirio nas historias cristiás. O sol puña os seus pés un espréndido e cabileante regueiro de lus...

Hans Sachs en Compostela

O zapateiro poeta e dramaturgo

COMO na vella, secular Nuremberg...
Como Hans Sachs...

Hans Sachs era un zapateiro remendón, filósofo e poeta que inmortalizou Wagner nos «Mestres Cantores». ¡Non vos lembrades d'il? Facía madrigaes até cando, socarrón e ledo, c'o pretesto de ollare onde ll'apertaba o zapato ó pé miúdo de Eva, axionllábase diante d'ela, e no silencio agardaba que o amore frolece por riba da vella cabeza chea de volvoretas azules.

Era filósofo e poeta na secular Nuremberg, cidade histórica de torres outas, mousas, lixeiras, e de ruas caladas, cheas de soma e d'acougo.

Pois hoxe Compostela fainos lembrar de todo isto. Porque a vella cidade galega ten somellanza coa vella cidade xermana. E en Compostela hai tamén un zapateiro remendón, irmán do que conociu Wagner. Iste zapateiro remendón é un bōo poeta; un bōo poeta que fixo un notabre drama galego, que veñen ensayando algúns obreiros compostetáns — ¡benia illes! — pra estrenalo axiña. E unha cousa nova. Unha cousa dina de nota.

Terá de ser un acontecemento, un gran acontecemento, e polos mesmo, con moito gusto ll'adicaremos canto espacio e atención sexan percisos.

Santiago, pobo artista: ¡que belo xeito o do homilde zapateiro poeta, que ven a continual-as tuas groriosas tradicíos artísticas, sendo dina figura do fondo no que se move!

LÓSTREGOS

A PIRMEIRA BAIXA

por RICARDO CARBALLAL

NUN ano que levamos loitando na Irman. dade pol-a redenzón da nosa terra conquerindo vitoria trais vitoria, non todal-as mañás tiñan de sere pra nós rosadas mañás de Maio. Unha tivemos n-ista década, preta, lutoosa, de dôr fondonísmo; unha mañán en qu'a impracabre parca petou á nosa porta, pra levarnos pra sempre envolvente nos priegues do seu sudario ó noso irman Chao; a un dos rapaces mais novos da Irmandade, a un dos derradeiros pr'a morte por lei natural. E foi Antón Chao o pirmeiro en crebar filas, satisfaguendo un novo capricho, unha nova bulra das leies naturaes, da segadora de vidas.

Perdoádeme que vos fale d'algo que foi, e si cando sendo, cicais non chegáchedes a conecl-o, agora que tendes enxerguido qu'arrincado foi da vida ós dazaoito anos, cando ista era pra il—xoven e poeta ó fin—direito i espazoso camiño de froles, non poderedes menos de sentire qu'os vosos puños d'humanos péchanse co-a xenreira, ameazando ó ceo, coma si alí estivera o casonante dos nosos males no chan.

Finounos ó finar il, un irman dos bôs e xenerosos, un irmán do qu'agardábamos moito. Tiña escelentes condicíos pra esquitor e poeta, e sentía fondamente arelas de redenzón pr'a nosa matria. Na sua alma, nova, sinxela, rebulfan rebeldías de loitador. Non era da Irmandade por sere, coma podía acontecer dad'os seus poucos anos; era dos nosos, dos convencidos, porque sentía sóbor d'il o peso dos aldraxes que a cotío nos infiren; aldraxes que palpou moi d'acaron cando viveu n'Habana, e que fixeron nascer na sua alma o odio que sintimos contra aquiles que nos aldraxan, os que levamos na frente unha estrela e no peito un cantar.

* *

Ali, no seu leito mortuorio, fiteino envolvente no sudario, e ó seu redor, seguindo a liña do seu corpo, frescas e arrecendentes froles; froles que moi logo trocaríanse de lozanas coma foi il, en murchias e axadas por falla da savia da roseira.

Vin na sua faciana o selo do derradeiro dôr espirtoal ó desprendérese da materia. Ó finar non pechou as palpebras pra non vel-a vida. Cicais no derradeiro salayo, ó dárse de conta qu'a vida na que tiña tantas espranzas termínaba pra il, abriunas moi, moi, n-un forte espasmo de dôr, e fitando quedou a vida das suas arelas, más

sin vel-a, coma fitan os ollos limpos, fixos, brilosos, que teñen gota serea.

Fai unha tempada, dende que na nosa terra comenzaron a brilar lostregueos de redenzón, móstrase fera con nosco a segadora de vidas. Pol o xeito que leva, asomella atopárese en tráxico conxuro cós caciques. Mais non; agora nos tocóu a nós, impóis tocarálle a iles. Cando iso chegue, soio arelo que seja unha tempada longa, moi longa, tan longa com á eternidade...

* *

Co-a morte do irman Chao, poida sere que perdéramos un poeta mais da raza. N-algunhas poesías esquirtas por il, adiviñábase unha disposizón pouco común nos poetas novos. Velaí téndel-a mostra na siguiente composición inédita e a derradeira que fixo:

.
Campaniñas, campanas,
bocas de bronce con lingua férrea
qu'en herdo tendes os sons guerreiros
que até nós chegan, dos rudos celtas;
qu'a paz decides dende as outuras
onde está, ós ceos, a crus aberta
como apreixare querendo ós homes,
com'o aloumíño d'unha promesa.

Soade fortes,
soade recias;
falade ás almas da liberdade,
da independenza.
Tocade a fogo namentras ardan
en gran fogueira
as casas todas dos qu'escravizan
a nosa terra

Tocade mainas, tocade quedas;
tocade tristes pol-os qu'emigran
para as Américas,
buscando os aires da liberdade
qu'eiquí lles negan.

Tanguede sempre, sempre esperando
nosas arelas,
e as esperanzas e as rebeldías
qu'en nós latezan;

até que un día—ise gran día
qu'os bós esperan—
toquedes fortes, con sons bravos,
e nos chamedes con voz de guerra.

Entón tocade dobrando tristes
pol-os que caian na loita fera;
e cando libre nosa Galicia
com'unha rosa que se abre, s'érge,
campaniñas, campanas,

repinicade rebulideiras,
tocade fortes, tocade mainas,
tocade ledas,
como tocades nos mais groriosos
dias de festa.

N-ista poesía atoparedes a flesibilidade da alma do poeta: agarimosa cós qu'emi-

gran; rebelde i ergueita co-as perdidas libertades; recia, forte e vençadora cós caciques; baril e rídora cós mañán de redenzón. Fálalle ás campás dos dôres e ledicias da terra asoballada, e pídelles os difrentes sons qu'o seu esprito sinte.

Malogróuseños o poeta. Quédanos soio d'il, a lembranza hoxe, o esquecemento mañán. Pasará o tempo, e co-il o seu nome da memoria nosa, pr'acochárese no misterio do que foi. Si folgos teño pra chegar a *ise gran dia qu'os bós esperan*, cando as campás toquen coma *nos mais groriosos dias de festa*, adicaréi unha lembranza ó seu nome, e tamén coma il direille ás campás:

*Tocade mainas, tocade quedas
tocade tristes pol-os qu'emigran...*

RICARDO CARBALLAL.

Trunfo grorioso da pintura galega

Vigo escomenza a nosa redención económica

Eiquí tedes unha nova que nos enche d'orgullo.

Galicia acaba de trunfar de maneira solene e trascendente na Exposición de Pintura de Madrid.

Xesús Corredoira, noso querido amigo o gran artista lugués, que dixérase que no ambiente hestórico da vella Compostela refinou o seu talento, conquireu unha segunda medalla.

Xan Luis, artista compostelán que pol-a ves pirmeira concorríu a ista clás de certámes, ganou tamén unha terceira medalla.

Outros artistas galegos conqueriron igoalmente o loureiro do trunfo.

Mais a vitoria de Corredoira, do xenial Corredoira, é a que hoxe coidamos merecentemente d'un pequeno comentario.

Dixo Cervantes que os segundos premios había que consideralos sempre coma pirmeiros. E n'iste caso ten confirmación o dito.

Un arquitecto galego, de moito nome e prestixio en Madrid, o insine Palacios, n'unha carta que límos, di que o de Corredoira é o MILLOR DE CANTO FOI A EXPOSICIÓN AO XUICIO DE TOD'O XURADO, non donándoselle pirmeira medalla, non porque non a merecese, senón porque era moierto pra escomenzar, xa que o xoven pintor lugués tiña deixado iso das Exposiciós fai tempo.

Por cousa somellante non se lle fixo prena xusticia a Xan Luis.

O mesmo Palacios, ó comentar isto, falañdo da pintura galega, di que ven a afundir as cousas charras e rechamantes do mediodía, iniciando unha nova reconquista que escomenza pol-o Noroeste.

Lugueses: os que vos ríades de Corredoira e lle negachedes unha cativa suvención

pra os seus estudos e os que crefades n'il, alentándoo, todos tedes agora a obriga de rendirle un tributo d'admiración. Corredoira onora à vosa terra mais que todolos políticos de rueiro.

O mesmo lles dicimos ôs santiagueses respeito ô gabado Xan Luis.

Adiante rapaces! Cando esperta o sentimento nacionalista, providencialmente todolos nosos valores s'erguen trunfales. Ocuírre eiquí o que ocurru en Cataluña. O arte, a cencia, a economía, todo alborea risoñamente. Até os financieiros galegos esco-

menzan a cumplil-o seu deber, sendo n'iste senso Vigo, c'o seu «Sindicato» merecente de gabanzas, pois asifiala o bóo camiño de rexionalizar as industrias e os negocios, com'a Covadonga da nosa reconquista económica. Vigo, a Barcelona de Galicia, agardamos que sexa a pirmeira cidade da nosa patria que logo de redimírese económica-mente do estranxeiro, «nacionalizando» as suas empresas materiaes, faga xurdir como corolario obrigado o nacionalismo político-social.

tao divinamente cantou a sua patria, assim o proclama:

*Probe Galicia, non debes
Chamarte nunca española,
Que España de ti se olvida
Cando eres, ay ¡tan hermosa!*

A emigração da Galliza não procura, em verdade, as outras regioes de Hespanha. Quando não emigram para a América, na mesma visao aventureira dos nossos camponezes, os gallegos debandam para terras de Portugal, enxameiam nos cafés de Lisboa e do Porto, percorrem as nossas aldeias, concertando alguidares e chapeus de sol amolando facas e thesouras, dormindo pelas eiras em noites de verao, ou pelos palheiros aldeaos nas geladas noites de inverno...»

GALICIA E PORTUGAL

NOSOS IDEAES PODEN BENFICIAR A ESPAÑA

Ribeiro Carvalho, o gran esquirtor portugués, publicou un formoso artigo que pra nos, «Os Amigos da Fala», os verdadeiros galegos, ten fondísima importancia.

E com'unha lus que alumea os camiños futuristas do pangaleguismo. Estrela briladora no ceo bretemoso do actual e ausurdo réximen centralista.

Cando no *Imparcial* de Madri, fálase de poñelos-meis pra chegar á cubizada unión ibérica, despreciando as arelas d'autonomía que latejan nas rexións vivas d'España, o artigo de Ribeiro Carvalho, amostra que non é na irta meseta castelá onde ha resolvérse o probremo, senon na periferia peninsular, a base do previo reconocemento da persoalidade de Galicia, Baskonia e Cataluña.

Cando istas tres rexións gobérnense de seu, e Galicia sexa un espello no que poida mirárese Portugal sin receios; cando Portugal vexa que a nosa rexión, desentendéndose de fronteiras artificiales, siente polos antigos irmáns o mesmo afecto ou maior — maior tería de sere — que polos estranos conviventes no propio Estado, a Iberia grande ficará n'un feito.

Leede agora os anacos do artigo de Ribeiro Carvalho nomeado «Tierra gallega»:

«Pela primeira vez, depois de sahir de Portugal, continuei a sentir-me... em terra portugueza. Porque a provincia do Minho, para mim, não acaba em Valença, na ponte internacional: extende-se, deliciosa e florida, pela ribeira verdejante que vae de Tuy a Redondella e de Redondella a Vigo — extenso valle que é uma interminavel payzagem lusa, com as suas latadas sombrias e viçosas, os seus verdes salgueiros sonhadores, os seus regatos de aguas tranquillas, os seus casaes escondidos entre ramarias e aquella eterna alluviao de granito, nos casebres dos pobres, nos palacetes dos ricos, no piso das ruas, nos suportes dos parreiras, na vedação de todos os quintalejos, no recorte murado de eirados e jardins...»

Essa alluviao de granito, que vae do Porto até ás ruas de Vigo, e não sei se de Vigo mais para o norte, dá para tudo — para todas as construccoes, para todos os pavimentos, para tudo aquilo em que a pedra pode ser empregada: desde o cascalho das estradas aos blocos enormes dos caes da magnifica ria de Vigo — ria saudosa e linda, de um azul-ferrete e profundo.

E depois, quer no Minho portuguez, quer no garrido Minho gallego, os mesmos cos-

tumes, as mesmas tradições, os mesmos painéis das almas á beira das estradas, as mesmas virgens dolorosas nas suas columnas de granito. Mas o que mais nos encanta, o que mais nos suprehende, o que nos enche de umha súbita sympathia, e essa doce e terna e carinhosa lingua gallega, mais portugueza que hespanola, e tao suave, tao cheia de melancolia, que até a palavra saudade em si contém...

Quem passa a fronteira, a caminho de Hespanha, em outras regioes, nota logo a diferença da raça e de costumes, uma fria hostilidade, outros sentimentos, outros aspectos, toda uma vida diversa e extranha. Parecem desafiar-se, de un lado e de outro, as ribas asperas ou viçosas dos rios. Erguem-se, frente a frente, de um e de outro lado, em uma inimizade surda mas feroz, velhas ameias de castellos en ruinas, testemuñas seculares de sangrentas luctas. O proprio céo, para além da fronteira, nos parece desabrido e mudado.

Na doce Terra Gallega, não. O mesmo ar, o mesmo céo, os mesmos eidos tranquillos, a misma quietude campezina, as mesmas eiras ao luar, os mesmos pinheiraes murmurantes.

Passamos em uma povoação. Por toda a parte nos acolhem sorrisos de sympathia e de alegre alvoroço.

— *Sao portuguezes...*

E na voz dos que nos falam ha como que o pesar profundo de que nos separem fronteiras.

Porque a Terra Gallega, quando não aspira a uma juncção con Portugal, tem pelo menos, em tudo e sempre, a sagrada e comovida aspiración da sua independencia.

No hymno regional da Galliza, que eu ouví quasi de lagrimas nos olhos, palpita, enterneido, esse claríssimo anejo:

*A nobre Luzitania
Extende os braços amigos...*

Uma coisa não querem os verdadeiros gallegos: ser hespanhoes. Para elles, a Hespanha e a oppressora. Para elles, a Hespanha é a dominadora cruel. Em toda a literatura gallega vibra essa animadversao contra Castella.

Rosalía de Castro, a grande poetiza que

Do meu feixe

¿Música española?

QUEREDES unha proba concrénta de qu'Espanha nou é unha nazón senon un feixe de nazóns diversas. Pichete dicía que língoa e o signo da nazonalidade. Eu vos digo qu'un signo de nazonalidade ainda mais craro é a música. E ¿onde s'atopa a música española? Haina andaluza, valenciana, galega, asturiana, pro á música d'Espanha non parece por parte alguma. Algúns españoles din que a verdadeira música española é a *xota*. Pro hai unha xota murciana, outra valenciana, outra aragonesa, outra galega. A española non eisiste porque Espanha, conxunto de diversos espíritos, ten que se manifestare en aspeutos distintos.

A proba atópase na falla d'un hino nacional. Pedrell dicía, da *Marcha Real*, que non ten de solene mais qu'o aparatoso das circunstancias en que se toca. E a antiga *fusileira* adautada, e qu'a falla d'outra causa millor titúlase hino nacional. ¿Como espicar, si Espanha tivese un soyo espirito, unha soya alma, que non fose capás de creare o mais cativo canto; como se espicar que d'ila non saire algo capás de se comparare co mais parvo *alalá* noso, co canto do labrego das llanuras manchegas cando traballa os eidos?

Cando se fai unha chamada opera española, son cantos das diversas nazóns da Península ou d'unha soya, os que forman os motivos temáticos. E ó que no estranxeiro coídase música española son as *sevillanas*, *malagueñas*, todos istos cantos que ben craramente din co seu nome que non son españoles, senon localistas, craramente d'unha nazón con carauteres propios.

Hai cantos flamencos porque drento do Estado belga eisiste a nazonalidade flamenga ben definida. Hainos rusos porque Rusia é unha nazón. Hainos bohemios, ainda qu'os bohemios non formen un Estado, porque tamén teñen un alma nacional. Non-os hai españoles porque Espanha non é unha nazón y é imposible que, como conxunto, poida xamais producir o mais pequeno canto.

Pensade no tema e veredes a lus qu'espalla e que resprandore vota sobre das nosas doutrinas.

Peneira, peneira.

N'A NOSA TERRA hai unha sección — ben ó sabedes — que titúlase *Peneirando...* Toda

a nosa labore ten que sere de peneira. Os escolleitos son os úneos que deben atopárese n'iste movemento todo corazón.

E-a peneira, hastra agora, deixou pasare moitas pedriñas. O millo non será puro. A fariña terá terra. E o pan terá de sere duro e terá de non nos gustare.

Non son istas verbas cabalísticas nin queremos facer parábolas. Eu ben sei qu'os hirmás

de corazón grande m'entenden ó qu'eu quero dicire. Peneira, peneira. O comenzo da nosa peregrinazón é cando mais falla nos fai escolleiros os piligrinos. Os ollos alumados, a y-alma feita lus: eisí a teñen os verdadeiros irmás. Peneira, peneira: nas nosas mans terás de sere crisol onde se purifiquen nosas singleiras d'homes que marchan.

XAIME QUINTANILLA.

AO MARXE DA MUNDIAL TRAXEDIA

A IMPOSICIÓN NACIONALISTA

por RAMÓN VILLAR PONTE

FOLLEANDO as páxinas da Hestoria humana, todas ilas ateigadas de crímes, atropellos e despoxos sin conto, sácase a consecuencia irrebatible de qu'o afán d'un país por espansionárese e adquirir preponderancia a costa d'os vecíños, foi a causa da maoría d'os horrendos crímenes coleitivos bautizados cō nome de guerras. Eisí como é difizile—difizile por non decir imposible—citare unha soya guerra na qu'o belixerante trunfador se limitase a vingar os aldraxes, reás ou imaxinarios, feitos pol-o adeverario, abondándolle pra iso coa gloria do trunfo, da mesma maneira resulta verdadeiramente difizile amostrar a un pobo dono do trunfo, sin qu'ise trunfo levase aparellada a rapina de terras da propiedade do vencido. Moloch, lebrémonos ben, sobre sere sanguinario era rasciñeiro. O non querere os pobos viviren suxetos ás suas fronteiras naturais, velaf o segredo de tantas matanzas que fan da Hestoria un conxunto de páxinas vergoñosas e ruís.

Eisí como todo o eisistente na Natureza ten a sua esfeira d'aición perfeitamente delimitada, da propia maneira os pobos teñen a sua. Os carraíres biolóxicos d'os pobos están condicionados pol-o chan que lles sirve d'asento. A cada home a sua envoltura carnal; a cada pobo a sua porción xeográfica, porción que, pra il, ven a sere algo eisí como a envoltura carnal pra o home. E todo o que sexa non querer manterse dentro d'os propios lindeiros, e todo o que sexa pertencer axuntarse o que por lei natural ineludible á outra agrupación etnográfica corresponde, será querer contravir os principios cosmolóxicos que rexiron o mundo dende a sua aparición, cousa que de ningún xeito sucederá endexamais.

Hoxe ista teoría de reconstitución d'as

patrias naturás vai ganando terreo. A guerra autual—verdadeira revolución de principios e definitiva trasmutazón de valores—adquire cada dia con maior intensida iste carraír de vindicador de pleitos nazonalistas. A pouco que se ouserve ollarase como todal-as custiós relativas á nazonalidades oprimidas ou privadas de persoalidade van saindo a discusión pasenñamente, y-eisí os lexítimos sonos d'os pobos asoballados deixaron de sere sonos pra convertírense en lexítimas esperanzas.

Soy a recostitución d'as nazonalidades naturás, cō devolviemento d'as terras oprimidas ó núcleo primitivo de onde foron esgazados e coa reintegración d'as nazonalidades desmembradas, poderá traguer a quietude e a paz. Unha vez feito isto, tal estado de cousas traguerá consigo, como secuela natural, as federacíos e as confederacíos, dando orixe cō nacemento d'istas grandes agrupacíos de pobos ó trunfo d'os ideáis qu'o mestre do federalismo por autonomía, o apóstol Pi y Margall preconizaba coma procedimento pra que reinaran entre os homes o amor e a fraternidade.

Mais como o fin qu'os nazonalistas perseguimos é a recostitución d'as patrias naturás con todo o que a ilas é inherente—idioma, dereito, institucíos, etc.—resulta que no noso campo, no do nazonalismo finarán por vir a confundírense, dende os mais opositos, todos aquiles que nomeándose internazonalistas, pacifistas, ou como quelan chamárense seipan aborrecer a noxenta frase: «a forza manda sobre o dereito» y-en troques faigan súa a concepción pacifista e humanitaria de Guimerá, na sua derradeira obra, berrando cō seu Nataniel: ¡A cada pobo as sus propias fronteiras!

culturás que ten a Irmandade da cibdá veciña. Mais inda é cedo pra espoñelos.

Hoxe somente diremos que no próximo vrán, pensan os amigos ferrolans facer algunhas sesiós de Teatro da Natureza.

Mais adiante, mitins, conferencias e unha europea escola do bosque, somellante ás de Cataluña.

Isto é pensar ben as cousas. Isto é facer galeguismo.

¿Galeguismo dixemos? Pois terfamos d'anadire galeguismo outo e fondo; galeguismo serio.

Porque hai n'algúz pobos da nosa terra certos enxebres de moca e pichel, que coídan que o enxebrismo consiste en organizar foliós, romaxes e xantares con lacón e grelos, enxergando iste pobre e baixo espirito de Falstaff con cirolas, nos artigos esquirtos en galego.

E non; como dixo mui ben o esquisito artista, noso bóo irmán Castelao, os enxebres de hoxe, somos amigos do carto de baño, da limpeza, do hotel, do automóbil e da cultura mais refinada. Tal que o formento d'unha nacente nacionalidá europea.

A outra clás d'enxebres non nos convenien, nin lle convenien a Galicia: son nosos enemigos, os que perxudican nosas porpagandas.

Todo isto nol-o suxiri a visita que nos fixo fai poucas datas o querido correlixionario Xaime Quintanilla, un dos verdadeiramente predileutos.

SUSCRICIÓN PR'A NOSA BANDEIRA

	Pesetas
Derradeira suma	47'00
Sra. Sofía Domínguez de Valcárcel	2
» Francisca Rey	0'50
Srta. Carmen Chao Maciñeira	1
» Clementina Ponte	1
» María Orosa	1
» Conxuelo Crespo	1
» Amalia Freire	2
» Evita Camino	0'50
» Eugenia Camino	0'50
Por xunto	56'50

Peneirando...

UN día na revista *España*, de Madrid, falouse da nosa «Irmandade.»

E foi un galego—galego por sere nado en Galicia, com'os grelos, por exemplo—quen logo de doerse da nosa homildade colectiva, rifaba c'os «Amigos da Fala» que berran pondo caraxe nos seus berros.

Tamén se falou da nosa «Irmandade» na *Correspondencia de España*, e no *Blanco y Negro*.

No *Blanco y Negro* Antón del Olmet.

E Antón del Olmet decía que escomenzamos c'un xeito lírico, pra ficar «insinuando a orella coma os catalás e bascos.»

Descuide, Antonciño... A vosté abóndale con preocupárese d'outra orella.

Da que quizais lle dian razón na «Casa de Galicia.»

Atenda ó seu xogo. No noso perdería sempre, porque non hai n'il troque de posturas, nin saltos... mortaes.



Un notable cadro de afeiroados ó arte de Talia, ven repersentando obras de teatro n'unha culta Sociedá de Ponte de Mera (Ortigueira.)

As derradeiras que levou á escea, fono o formoso drama de Lugrís «Esclavitu», que conquírou un grande éxito, e a chistosa comedia de Rodríguez López «O Chufón.»

Pasenñamente, vaiselle facendo ambiente ó teatro galego.

Bóo síntoma. ¡Como que naide pode deixar de reconecer que imos asistindo a un novo renacemento literario rexional!

A Irmandade do Ferrol

TIÉMOL-A fonda satisfaución de saudar na Cruña ó conselleiro pirmeiro da Irmandade da Fala no Ferrol, Xaime Quintanilla.

Xaime Quintanilla, ¿quén o non sabe?, é un rapaz de moito valimento, como médico, como xornalista, como pensador, como enxebre; home de cencia e d'arte ó mesmo tempo, que conquíre axiña o espirto de cantos falan con il.

Enterounos dos importantes proyeitos

culturás que ten a Irmandade da cibdá veciña.

Mais inda é cedo pra espoñelos.

Hoxe somente diremos que no próximo vrán, pensan os amigos ferrolans facer algunhas sesiós de Teatro da Natureza.

Mais adiante, mitins, conferencias e unha europea escola do bosque, somellante ás de Cataluña.

Isto é pensar ben as cousas. Isto é facer galeguismo.

¿Galeguismo dixemos? Pois terfamos d'anadire galeguismo outo e fondo; galeguismo serio.

FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)**MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

ANÍS DOUS MONOS**RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

PEDIDE SEMPRE**CHOCOLATES BRANDARIZ**

VENDENSE EN TODOS OS COMERCIOS

D'ULTRAMARINOS

Enrique Brandariz y C.ª**Ronda da Coruña, 22. — LUGO****CONTOS GALLEGOS**

— DE —

ASIEUMEDRE

Pol-a cativa cantidá de dous reás podes ter risa unha semana enteira.

Véndese na Librería de Lino.

LABREGOS:

Si queredes encontrar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles productos, empregade o **SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicíos ós

Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas

• DE •

Romero Hermanos

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,
e Canalejas, 77

F E R R O L**H. LA PALOMA****DE Ramón Morandeira**

Este espródigo establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millares da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual e esmerado, e asistencia facultativa polo enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

Xosé Varela**CIRCO, 16-BAIXO — VIGO****FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR
E DECORAR CRISTAL**

→←
Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total as cras.

Baldosas pra pisos.

Narciso F. Pereira

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

A CRUÑA**VIÑOS BRANCOS E TINTOS**

Riveiro: Arnoya fino.

Rioxo: Federico Paternina.

«Rioxo Ollauri» especial pra familias.

Botella sin easco: 0 55 ptas.

Pedidos: W. LOSADA

HOTEL CONTINENTAL

Os "Previsores do Porvir"

SOCIEDÁ MODELO, ESPELLO DE PATRIOTISMO

Chegou a 42 millos de pesetas de aforro
en doce anos.

A súa representación na Cruña, ten as oficinas no número 45-2.º, da rúa Real.

NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACIÓN REXIONAL

(2.ª EDICIÓN)


Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuicios e opiniós de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antoni Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos.— Os pedidos faránse ó autor, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña.— Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á mitade do prezo señalado.

COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA



Para á Habana, Veracrús, Porto Rico, Santiago de Cuba, Nova Orleans, Nova York e combinación polo ferrocarril para calquera punto dos Estados Unidos.

Ademite pasaxeiros de primeira (varias categorías), segunda, preferencia e terceira clás, e carga.

Os emigrantes e todos os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto todas as tarxetas de visita, pois non se deixa entrar a bordo.